



SINFÓNICA DE PONTEVEDRA

Audicións
Xullo 2024

A Orquestra Sinfónica de Pontevedra convoca probas de admisión para cubrir as seguintes prazas na Xove Orquestra, nas especialidades instrumentais, de acordo as bases que seguen :

VENTO MADEIRA: 2 Frautas, 2 Clarinetes, 2 Óboes, 1 Fagot

VENTO METAL: 2 Trompetas, 2 Trombón, 4 Trompas

2 PERCUSIÓN

Capítulo I: Requisitos.

1. Poderá presentarse todo aquel alumnado que estea matriculado en conservatorio, escola de música ou academia nalgunha das especialidades anteriormente sinaladas.
2. Ter entre 16^º e 26 anos. (para un alumno/a menor de 16 anos que acredite o nivel esixido, o tribunal resérvase o dereito de admisión).
3. Superar as probas de admisión.
4. Aceptar na súa totalidade o documento das normas de réxime interno da Xove Orquestra que será facilitado a cada aspirante, se así o solicita, ao superar as probas de admisión.

Capítulo II: Presentación de instancias.

5. Quen desexe tomar parte nestas probas deberá cubrir a solicitude de inscrición que será publicada na web da Orquestra, sinfonicadepontevedra.com.
6. O prazo de presentación de solicitudes será do **27 de xuño ao 2 de xullo de 2024 (ambos inclusive)**. As solicitudes remitidas fóra de prazo serán desestimadas.

Capítulo III: Desenvolvemento das probas.

7. As probas realizaranse os días **8 ou 9 de xullo**. Confirmarase o lugar e os días exactos das audicións unha vez pechado o prazo de recepción de solicitudes e elaborada a lista definitiva de admitidos/as.
 8. O proceso selectivo:
 - Para todas as especialidades de **Vento e Percusión** consistirá na interpretación dunha obra libre (de acordo ao derradeiro nivel cursado) e unha lectura a primeira vista que será proporcionada polo tribunal o día da proba.
- As probas realizaranse sen pianista acompañante, sen facer as repeticións e sen necesidade de facer os compases de espera cando estes excedan de 2.
9. A selección dos aspirantes efectuarase por un Tribunal Cualificador designado pola directiva da Orquestra Sinfónica de Pontevedra.

Capítulo IV: Comunicación dos resultados.

10. Os resultados das audicións comunicaranse vía correo electrónico, no prazo dunha semana despois da realización das mesmas, unicamente á dirección de e-mail desde a que foi presentada a instancia á orquestra.

Capítulo V: Titularidade.

11. Os aspirantes seleccionados adquirirán a condición de membros da Orquestra Xove, por un período de 2 anos, unha vez cuberta e presentada a folla de matrícula e formalizado o pago da cota anual de socio.

A participación nas audicións de selección supón a aceptación expresa da totalidade das Bases desta Convocatoria.

Pontevedra, a 24 de xuño de 2024